

Consellos para escribir un conto

adaptado de www.mundoprimary.com

Quen son os personaxes? o primeiro paso para escribir un conto é identificar quen son os protagonistas da túa historia, ademais dos demais personaxes como familiares, amigos ... Decide como se chamarán e tamén como serán as súas personalidades.

Onde sucede a historia? Pode ser un lugar real ou ficticio.

Cal é o problema? Todos os contos presentan un problema, e tamén o desenlace. Para decidir o final da historia necesitarás elixir o tipo de problema que se presenta durante o conto.

Explicar, non. Mostrar, si. Para que o teu lector senta máis interese polo teu conto, non mencións que está a chover. Podes presentar este clima describindo o chubasquero do protagonista e o son da choiva.

Decide os detalles antes de escribilos. Para escribir un conto ben estruturado é importante decidir todos os acontecementos que sucederán no conto e que detalles imos incluír, ademais da orde no que se explicarán.

Comparte o teu conto! Pescuda que pensan os teus amigos e familiares. Poderían darche consellos moi valiosos. Lembra que moitas veces non notamos erros que cometemos na nosa redacción, e por este motivo é importante a axuda dos demais.

Le a historia varias veces.

Cando terminases de escribir un conto, ao día seguinte, unha semana despois... leo! Evitarás erros ortográficos e perfeccionarás os detalles cando leas a historia varias veces.

